

AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

1. A que persoas vai dirixido?

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta **a condición de gratuíto e do que por renda familiar resulta pagador dun euro** nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

É dicir, a familias que durante o curso escolar pagan 0 euros ou 1€ polo comedor.

2. En que consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha **compensación do custo diario do menú por comensal**, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e **polos días de lectivos de suspensión da prestación do servizo** como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

É dicir, axúdase economicamente á manutención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.

3. Que axuda se vai a percibir?

(2,50 €) para alumnado de gratuidade total

(1,50 €) para o alumnado que paga 1€

4. Que días cubre esta axuda?

Marzo: dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.

Abril: dende o 1 ó 3 de abril: en total só 3 días.

Prórroga: si se prolonga outros 15 días cubriría (días lectivos) ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. Como se vai a pagar?

En dous pagamentos.

1º pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2º pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.

6. Quen son os beneficiarios?

Familias que cumpren os requisitos económicos (punto 2) cun ou máis fillos escolarizados en centros educativos ó cargo da Consellería de Educación.

7. Como presentar a solicitude e que prazo hai?

Prazo: dende o día 31 de marzo o 6 de abril, ambos inclusive.

Presentación: Forma electrónica sempre, de dúas formas:

1. Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (Procedemento ED601B)

Para iso é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.

2. Dirección do centro: enviando un correo electrónico a ceip.magdalena@edu.xunta.es cos seguintes datos: (antes do xoves 2/04/2020)

DNI do pai ou nai:

Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€

Nome do alumno/a(-s):

Nome do pai/nai:

Número de conta bancaria:

8. Publícase a resolución das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será exposto publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso en conta bancaria.

9. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

10. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?

5 días dende que salga a resolución.

Atentamente.

A dirección do CEIPP A Magdalena.

Asdo: M^a Pilar Souto Otero.